ZONA C. PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL
[breve historia do edificio]

Primeira casa do concello, praza da Quintana (ca.1493)
Segunda casa do concello, praza da Quintana (1534)
Primeira sede municipal, praza de Cervantes (1538)
Segunda sede municipal, praza de Cervantes (1687-1692)
Traslado ao Pazo de Raxoi na praza do Obradoiro (1787)
O antigo consistorio convértese en vivenda (1787-2003)
Adquirida polo Concello de Santiago para a súa rehabilitación (2003)

En 1687 as antigas casas do concello da praza de Cervantes presentan graves problemas estruturais, ata o punto de decidiren as autoridades municipais construír unha nova sede no mesmo soar. En efecto, no pleno do 26 de agosto noméase a **Domingo de Andrade**, entón mestre de obras da Catedral e o mellor arquitecto da Compostela barroca, e ao mestre de carpintaría José de Leis para que as visiten e "*declaren el estado en que se allan"*. Ao día seguinte, o primeiro informa da necesidade de construír unha nova sede con "*mejor forma y plantta"* e da que elabora o proxecto. Tal é a orixe do inmoble actual.

Construción do novo concello. O reparto

O 8 de marzo de 1689 chega a aprobación de Carlos II do tan esperado reparto. En concreto, dáse permiso para recadar 2.000 ducados entre todos os veciños da cidade e sublíñase no real despacho a necesidade de que a cidade conte axiña cunhas "*casas de ayuntamiento cómodas y deçentes para sus acuerdos, y dar cumplimento a nuestras hórdenes, y reçivir en ellas a personas de graduaçion, como havía sucédido, y también haçer sus juntas de nuestro Reyno de Galiçia, como su caveça, que hera esa dicha ciudad".*

Tras repartir os 2.000 ducados de custo da construción entre todos os veciños da antiga provincia de Santiago, organízase un concurso público gañado polos irmáns Vidán, canteiros locais, e os carpinteiros Domingo de Vaamonde, Francisco de Vaamonde, Alonso López e Juan de Uzal, tamén composteláns.

Unha vez construído, o novo concello estivo en uso dende 1692 ata 1787 en que a corporación municipal se traslada ao Pazo de Raxoi, na praza do Obradoiro.

O antigo consistorio convértese en vivenda

Como consecuencia do traslado ao Pazo de Raxoi, o antigo consistorio convértese en vivenda.

Vázquez Quintela e a súa familia convértense nos primeiros inquilinos da casa, comprométese a mantela *bien reparada (…) conservando en ella puesto el escudo de armas (…) no la ha de poder vender, trocar ni en manera alguna enejenar sin previamente requerir con ella a la ciudad para que, queriéndola por su justo precio, pueda hacerlo y en defecto dar licencia para la tal venta; a que finalizando el tiempo y voces de este foro la ha de dejar libre, con todos los reparos y mejoramientos que en ella tenga echo sin por esta razón poder pedir ni descontar cosa alguna, para que la ciudad pueda nuevamente disponer de ella*.

Que fora arrendado como vivenda permitiu a súa supervivencia ata os nosos días. Hoxe é o único concello barroco que se conserva intacto en Galicia e constitúe un exemplar inestimable da nosa arquitectura pública.

O EDIFICIO

PLANTA BAIXA. PLANTA SÓTANO

Pola porta de Cervantes accédese a un discreto vestíbulo, lugar protocolario de recepción, que regula a circulación polo interior do inmoble e que se encontra pavimentado de lousas. Á esquerda e á dereita (…) portas con groso marco de cantaría que corresponden ás oficinas dos escribáns públicos. O contrato tamén manda abrir unha lacena (…) das que soamente se fixo unha, magnífica, na oficina esquerda. Destinaríanse a labores administrativos.

(…) do citado portal arranca a **escaleira principal** con chanzos de pedra (…) por un tiro ascéndese aos andares superiores e por outro descéndese ao soto, este último composto por un vestíbulo e dúas estancias, probablemente almacéns, a elas accédese por cadansúa rampla de pedra, contaban cun pavimento de terra pisada, do que quedan restos, e voltéanse con bóvedas de aresta rebaixadas.

PLANTA NOBRE_PLANTA PRIMEIRA

(…) a escaleira remata noutro amplo vestíbulo. Desde el accédese, a través de dúas portas de groso enmarque de pedra, a dúas amplas salas. Unha á esquerda e outra á dereita (…) contan con pavimentos de castiñeiro, que maila non seren orixinais, si son os que defendeu Domingo de Andrade.

Unha das dúas salas da primeira planta constituíu o antigo salón de plenos, chamado na documentación "*sala de consistorios, sala de ayuntamientos, sala de audencias ou sala principal deste Ayuntamiento"*. Desenvolvíase a actividade de goberno da cidade mediante reunións chamadas consistorios (…)

SEGUNDA PLANTA

Organízanse outros dous salóns coma os do piso inferior, nun dos cales se reunían anualmente os once veciños designados para a elección de alcaldes. Actualmente o da esquerda é unha cociña e conta cunha lacena e unha lareira (…) feita tras o abandono da sede polo consistorio (…) a lareira pode ter sido construída no lugar onde estaba a anterior **cheminea francesa** e a lacena podería corresponder ao antigo **oratorio** municipal (…) onde se escoitaba misa antes do inicio das sesións ordinarias do pleno.

A ala dereita presenta unha lacena furada que conserva as pegadas dos estantes e que estaba destinada a custodiar "*los papeles y privilejios que thiene dicha ciudad".* Trátase do **arquivo municipal** (…) curiosamente este armario non foi utilizado durante moito tempo para tales fins debido á "*mucha umedad"* da parede (…) No dito habitáculo non só se gardaron documentos senón tamén determinados obxectos de valor.

A PRAZA

A praza de Cervantes coñeceuse co nome de *forum* (…) dábanse pregóns (…) Preguntoiro vén de *preconitorium*, é decir, sitio de pregóns, para notificar aos veciños os acordos e resolucións tomados.

Desde 1771 a zona destínase ás panadarías da cidade e pasa a ser coñecida popularmente como a praza do Pan.

AS FESTAS

Praza do Carballo, do Pan, da Leña e hoxe de Cervantes é o salón público das festas laicas da cidade. Así se entende a intervención de Andrade, o cambio da fachada principal do Preguntoiro a Cervantes e a instalación da solemne balconada que recorre ambas as frontes.

Fonte: *As antigas casas do Concello de Santiago de Compostela*, Miguel Taín Guzmán, Concello de Santiago, Universidade de Santiago de Compostela